



ANEXO I

CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE, NA FASE DE ELABORACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E NA DE EXECUCIÓN DE OBRA

CLAVE: 4/2019/CNTSE

1. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

A tramitación será de forma ordinaria, e utilizarase varios criterios de adxudicación, segundo o disposto no artigo 145.3 da Lei 9/2017. O procedemento será aberto de conformidade cos artigos 131, 156, 157, e 158, da Lei 9/2017, suxeito a regulación harmonizada de acordo co seu valor estimado, segundo o disposto no artigo 22, da Lei 9/2017.

- 1.1.** Procedemento de adxudicación: aberto.
- 1.2.** Tramitación do expediente: ordinaria.
- 1.3.** Contrato suxeito a regulación harmonizada: si.
- 1.4.** Contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación: si.
- 1.5.** Posibilidade de variantes: non. O licitador debe axustarse ao proxecto e non se admite ningunha modificación, excepto o prezo. O licitador non pode modificar o prazo na súa oferta e de facelo será excluído do procedemento de licitación, rexeitándose a súa oferta.
- 1.6.** Único criterio de adxudicación relacionado cos custos: non.
- 1.7.** Comité de persoas expertas ou organismo técnico especializado para avaliar as ofertas: non procede. Neste caso negativo, deben cubrirse todas as seccións (A, B, C e D) correspondentes da parte IV do DEUC.
- 1.8.** Prazo máximo para efectuar a adxudicación:
- 1.9.** Importe da compensación ás candidatas/licitadoras:
 - ☐ En caso de renuncia: máximo 2000 € para xustificar.
 - ☐ En caso de desistencia: máximo 2000 € para xustificar.
- 1.10.** Importe máximo dos gastos de publicidade de licitación do contrato:

- 1.11.** Achega de DNI ou outro documento identificativo oficial: non.
- 1.12.** Acreditación da documentación previa á adxudicación mediante medios electrónicos, informáticos ou telemáticos: non.
- 1.13.** Órgano competente para verificacións de suficiencia e visados: Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- 1.14.** Organismos dos que as persoas licitadoras poden obter a información pertinente sobre as obrigacións previstas no artigo 129.1 da LCSP: Non se especifican.

28 NOV. 2019





2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN. RESPONSABLE DO CONTRATO. PERFIL DO CONTRATANTE. CONTACTO PARA CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

2.1. Órgano de contratación:

A persoa titular da presidencia da entidade pública Portos de Galicia (Artigo 12 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia)

2.2. Responsable do contrato:

A persoa xefa da Área de Infraestruturas, Medio Ambiente e Seguridade.

2.3. Perfil do contratante:

Forma de acceso ao perfil do contratante de Portos de Galicia é a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia: www.contratosgalicia.gal e da web da plataforma de contratación do sector público: <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>.

2.4. Respostas vinculantes sobre a aclaración dos pregos: si.

2.5. Contacto para consultas relacionadas co expediente.

Consultas aspectos técnicos	Área de Infraestruturas, Medio Ambiente e Seguridade
Consultas sobre o prego de cláusulas administrativas	Secretaría Xeral-Asesoría Xurídica.

3. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO

Esta contratación tipifícase como contrato administrativo de servizos (artigos 17 e 25 da LCSP)

4. OBXECTO DO CONTRATO

4.1. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato do “Servizo de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde, na fase de elaboración do Proxecto de Construción e na de Execución de Obra”, é cumprir o disposto no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, que obriga o promotor, a entidade pública empresarial Portos de Galicia, á designación dun coordinador en materia de seguridade e saúde, na fase de redacción do proxecto de construción (cando interveñan na súa elaboración varios enxeñeiros), e na fase de execución de obra, cando contrate con terceiros, independentemente da existencia dun proxecto de construción (nas obras sen proxecto de construción cando interveñan na execución máis dunha empresa, unha empresa e traballadores autónomos, ou varios traballadores autónomos).

O contrato de servizo desenvolverase de acordo ao disposto no Real decreto 1627/1997, abarcará tamén a elaboración, e supervisión de estudos de seguridade e saúde (incluídos os estudos básicos), e levará implícitas todas as responsabilidades legais que no citado real decreto se lle asignan ao coordinador en materia de seguridade e saúde. Ademais do asesoramento en tarefas específicas, tanto aos directores de obra que o precisen, como ao responsable do contrato.

28 NOV. 2019



4.2. Nomenclatura

- ☐ CPA-2008: 80.10.19
- ☐ CPV: 71317210-08

Pertence á categoría 12 "Servicios de arquitectura; servicios de ingeniería y servicios integrados de ingeniería; servicios de planificación urbana y servicios de arquitectura paisajista. Servicios *conexos de consultores en ciencia y tecnología. Servicios de ensayos y análisis técnicos", con número de referencia CPC 86721, CPV 71317210-8, correspondente aos "Servicios de consultoría en Salud y Seguridad", segundo o que establece no Reglamento (CE) nº 213/2008, de 28 de noviembre de 2007

5. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS QUE SE DEBEN SATISFACER

Para o período 2019-2024, considerouse un Inversión Anual Medio similar á do período 2010-2017, que ascenderá á cantidade de 17.000.000,00 € (redacción de proxectos de construción, e execución de obras), e un Gasto Anual Medio (contratos menores de obra, e/ou contratos de conservación e mantemento das infraestruturas portuarias), que ascenderá á cantidade de 3.000.000,00 €.

Anualmente prevese un número medio de 20 obras con proxecto de construción ao ano, cunha duración media de entre 5 e 6 meses. Tamén se considerou que aínda que o número de obras sen proxecto de construción (contratos menores de obra), decrecerá a medida que se liciten e adxudiquen os contratos de conservación e mantemento (instalacións eléctricas, obra civil e edificación, estruturas flotantes: de formigón armado, e metálicas de aluminio etc.), aínda seguirá sendo relevante no 2019, e no 2020. A previsión é que se executen, en cada unha das tres (3) zonas territoriais, e na área de infraestruturas, medio ambiente, e seguridade, un número medio de 50, cunha duración media de entre 2 e 3 meses.

Polo exposto e considerando a carga de traballo actual na área de Infraestruturas, Medio Ambiente, e Seguridade, as diversas xestións encamiñadas á execución das obras planificadas, a elaboración de proxectos de construción, ou a súa dirección, o control, seguimento e dirección de obra, así como os medios humanos e materiais dispoñibles, e as especiais características e esixencias técnicas que se requiren para desenvolver o obxecto do contrato, ademais da dedicación continua dun equipo de especialistas na prevención de riscos laborais fan que desde a área se propoña a licitación dun contrato de "Servizo de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde, na fase de elaboración do Proxecto de Construción e na de Execución de Obra".

Distínguense dúas(2) fases:

-Elaboración do proxecto de construción, na cal se realizarán labores de redacción de Estudos Básicos de Seguridade e Saúde (EBSS), e/ou Estudos de Seguridade e Saúde (ESS), en colaboración cos enxeñeiros da entidade pública empresarial Portos de Galicia. Se é o caso, o persoal técnico do consultor, actuará como coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de redacción do proxecto de construción. Tamén se realizará a supervisión dos EBSS, e ESS elaborados por terceiros, ou por enxeñeiros da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

-Execución de obra, desenvolverase as obrigacións propias da coordinación, establecéndose os procedementos necesarios para controlar o cumprimento das

28 NOV. 2019



obligacións legais do contratista, ademais de elaborar os informes pertinentes relativos aos problemas detectados, e a súa proposta de solución, na materia en materia de seguridade e saúde en obras de construción.

Durante a prestación do servizo, o consultor facilitará a asistencia precisa en materia de seguridade e saúde, aos directores de obra e ao responsable do contrato, para o cumprimento das súas funcións e obrigacións legais.

6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E LOTES. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

6.1. Orzamento de licitación e información sobre lotes

División en lotes: non

Excepción da aplicación das normas de regulación harmonizada á adxudicación de cada lote (artigo 22.2 LCSP): non

6.2. Anualidades

ANO	IMPORTE SEN IVE/IVE (€),	IVE/IVE (€),	IMPORTE CON IVE/IVE (€),
2019	17.099,48 €	3590,89 €	20.690,37 €
2020	102.596,90 €	21.545,35 €	124.142,25 €
2021	85.497,41 €	17.954,46 €	103.451,87 €
TOTAL	205.193,80 €	43.090,70 €	248.284,49 €

6.3. Desagregación (indícanse os tipos de custo e demais gastos que correspondan segundo o estipulado no documento técnico que rexe a licitación. Ver, para estes efectos, o detalle no anexo á Memoria da Contratación)

O orzamento inclúe os custos directos de execución de cada unha das unidades en que se descompoñen o servizo (custos laborais estimados a partir do convenio colectivo de referencia vixente) e os custos indirectos asociados á execución material das unidades de servizo (medios materiais e auxiliares, medios de transporte, equipamento, instrumentación, instalacións así como os demais custos asociados directa ou indirectamente aos devanditos medios que sexan necesarios para o desenvolvemento adecuado da totalidade das tarefas do servizo), que forman o orzamento de execución material. A este orzamento aplícanse as porcentaxes de gastos xerais de estrutura, que se distribúen nun 13 % en concepto de gastos xerais da empresa, gastos financeiros, cargas fiscais (IVE excluído) e taxas da administración legalmente establecidas, que inciden sobre o custo do servizo e demais derivados das obrigas do contrato, e nun 6 % en concepto de beneficio industrial do contratista, o que configuran o orzamento de estrutura. Ao resultado obtido da suma do orzamento de execución material e do orzamento de estrutura aplícase o tipo do IVE que grave a execución do servizo, formando o orzamento por contrata ou orzamento base de licitación. A desagregación dos custos de aplicación ao contrato figuran no prego de prescricións técnicas que rexe o servizo, onde se incorpora a estimación e xustificación do importe calculado dos custos, atendendo ao prezo xeral do mercado e, no caso dos custos de persoal, ao convenio colectivo tomado de referencia, das prestacións contempladas no contrato, incluíndo o orzamento desagregado e detallado xunto cos seus compoñentes en relación cos traballos para desenvolver, documento técnico ao

28 NOV. 2019





que se fai remisión e que se deberá considerar integrado neste apartado o seu contido no aspecto sinalado para os efectos legais que correspondan. Ao respecto, os custos de aplicación ao contrato, incluídos os custos salariais estimados a partir do convenio colectivo de referencia e demais custos que correspondan, detállanse a continuación: os prezos de persoal cos seus custos salariais e das condicións económicas aplicables que serven como base para o cálculo dos prezos unitarios e que inclúen todos os medios materiais e auxiliares, medios de transporte, maquinaria, instrumentación e calquera outro elemento, así como os demais custos asociados directa ou indirectamente aos devanditos medios que sexan necesarios para o desenvolvemento correcto dos traballos, considéranse incluídos no prezo correspondente aínda que non figuren especificados na descomposición ou descrición de prezos.

Custos de persoal:

De acordo co establecido nos artigos 100 ao 102 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), nos contratos nos que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento incluírá a desagregación de xénero e categoría profesional dos custos salariais estimados en termos económicos a partir do convenio colectivo laboral de referencia aplicable no lugar de prestación do obxecto do contrato ou o que corresponda. O convenio indicado ten unicamente carácter de referencia para a estimación en termos económicos, no relativo ao persoal, do orzamento base de licitación.

Conforme ao anterior, neste contrato os prezos establecidos para o cálculo do seu orzamento garanten os custos salariais mínimos derivados da aplicación do convenio colectivo referido de acordo coa táboa de niveis salariais mínimos.

O custo do servizo descomponse en:

- Custo do persoal -

Considerouse necesario para o desenvolvemento da prestación do servizo un equipo humano mínimo formado por: 1 delegado do consultor, 1 equipo técnico-xurídico, 1 equipo de coordinación en materia de seguridade e saúde (fase redacción de proxecto de construción, e en fase de execución de obra), formado por un mínimo de 3 técnicos, cunha dedicación mínima do 50 % da xornada laboral, administración e delineación. Todos coa titulación académica, formación e experiencia, segundo os perfís definidos no punto 4 "Solvencia Técnica", desta memoria.

- Axuda de custo desprazamento e manutención. -

A axuda de custo por desprazamento é de 49 €/día., e a de manutención de 10 €/día., segundo os artigos 37.1 e 37.4, do XVIII Convenio Colectivo Nacional de Empresas de Enxeñería e Oficinas de Estudos Técnicos. Considerouse unha media axuda de custo por desprazamento 24,50 €/día.

- Desprazamentos a obra

Prevíuse a realización de mínimo una (1) visita semanal a cada obra, un máximo de 180 desprazamentos/ano, cun percorrido medio por desprazamento de 150,00 km (75,00 km,





ida e 75 km, volta), cun custo estimado por quilómetro percorrido de 0,19 €/Km, e de 5 €/peaxe, considerando un numero de 2 peaxes (ida e volta) en cada desprazamento.

As visitas á obra levaranse a cabo na xornada de traballo, de luns a venres, e en horario de mañá e/ou tarde, axustándose ao calendario laboral e horario do contratista. Atendendo á tipoloxía das obras, e aos seus prazos de execución, non se contempla a necesidade de realización de horas extraordinarias, nin se prevé a realización de traballos nocturnos, nin en días non laborables (sábados, domingos, festivos), nin en días de axuste horario contemplados no VI Convenio Xeral do Sector da Construción, e nos respectivos convenios provinciais.

6.4. Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato é **de 615.581,39 euros**, segundo o establecido no artigo 101 da LCSP e inclúe as anualidades do contrato.

Para o cálculo do valor estimado do contrato, considerouse o disposto nos artigos 22, e 101, da Lei 9/2017, os custos derivados da aplicación da normativa laboral vixente (XVIII Convenio Colectivo Nacional de Empresas de Enxeñería e Oficinas de Estudos Técnicos), a prórroga do contrato por TRES (3) anos, e a posible de modificación do contrato nunha porcentaxe máxima do 20 %.

Importe do contrato por dous (2) anos, sen IVE (€)	205.193,80 €
Importe máximo das eventuais prórrogas por tres (3) anos, sen IVE (€)	307.790,69 €
Importe máximo por modificacións previstas do 20 %, sen IVE (€)	102.596,90 €
TOTAL VALOR ESTIMADO DO CONTRATO, sen IVE (€)	615.581,39 €
Imposto sobre o valor engadido (IVE 21 %)	129.272,09 €
TOTAL VALOR ESTIMADO DO CONTRATO, con IVE (€)	744.853,48 €

Ascendendo o Valor Estimado Total do contrato sen IVE, á cantidade total de **SEISCENTOS QUINCE MIL CINCOCENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (615.581,39 €)**.

7. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

✓ Prezos unitarios

8. FINANCIAMENTO

Este contrato financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias:

9. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZOS DE EXECUCIÓN

9.1. A vixencia deste contrato estenderase desde o día da súa sinatura ata o cumprimento do seu prazo máximo de duración na data de 2 ANOS.

9.2. O contrato extinguirase tamén polo seu cumprimento cando a totalidade do seu obxecto se realice de acordo co previsto no PPT e a satisfacción da Administración

28 NOV. 2019



con anterioridade á devandita data e por terse esgotado antes da dita data o orzamento máximo de cada lote.

- 9.3. Prazos de execución parcial (se é o caso): os prazos parciais serán os establecidos, se fose o caso, no documento técnico que rexe o contrato, así como na aprobación do programa de traballo, cos efectos que na devandita aprobación se determinen, entendéndose integrados no contrato para a súa exixibilidade.

10. PRÓRROGA

10.1. Este contrato é obxecto de prórroga: **3 anos**

Prórroga forzosa conforme ao artigo 29.2 da LCSP.

O contrato terá un prazo de execución de DOUS (2) anos, contados a partir da súa data de formalización, e prorrogables sucesivamente ata un máximo de TRES (3) anos, conforme ao artigo 29 da Lei 9/2017. Para ese efecto, antes da finalización do prazo contractual, e por acordo da entidade pública empresarial Portos de Galicia poderase establecer a pertinente prórroga.

10.2. Prazo de preaviso da prórroga: 2 meses.

11. PRAZO DE GARANTÍA

Considerando o obxecto do contrato, non procede

12. CLASIFICACIÓN. SOLVENCIA E HABILITACIÓN

12.1. É obrigatoria a acreditación de solvencia. Para este efecto ver anexo XI e XII do prego de cláusulas administrativas.

12.2. Clasificación dos contratistas (non obrigatoria)

De conformidade co artigo 77.1 da LCSP non é esixible a clasificación do empresario. Con todo, os licitadores poderán acreditar a súa solvencia de conformidade co disposto no cadro de características ou ben coa presentación da seguinte clasificación: -----

Para acreditar a solvencia esixida o empresario poderá basearse na solvencia esixida e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre, mediante a presentación dun acordo asinado entre as partes, que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

12.3. Medios de acreditación da solvencia económica e financeira (artigo 87 da LCSP)

Criterio de solvencia e medios de acreditación no anexo XI

12.4. Medios de acreditación da solvencia técnica (artigo 90 da LCSP)

Criterio de solvencia e medios de acreditación no anexo XII

12.5. Formas de responsabilidade conxunta:

28 NOV. 2019





Para o caso de que un licitador integre a súa solvencia recorrendo ás capacidades doutras entidades será de aplicación o artigo 75 da LCSP, e todas as entidades e persoal que se adscriban a este servizo deberán contar coa habilitación de titulación académica e consecuente habilitación profesional que os habilite para o desempeño das funcións de redacción de estudos de seguridade e saúde das obras e de coordinador de seguridade e saúde nestas obras, conforme á normativa de aplicación, respondendo de forma conxunta e solidaria.

13. REVISIÓN DE PREZOS

Considerando a natureza do contrato, e que a revisión de prezos non pode referenciarse a índices xerais, senón a específicos, a través de fórmulas que reflicten os compoñentes do custo da prestación do servizo (Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española), considérase que non procede a revisión de prezos conforme ao disposto no artigo 103 da Lei 9/2017.

14. GARANTÍAS

- 14.1.** Garantía provisional: non
- 14.2.** Garantía definitiva: si, polo 5 % do prezo final ofertado (excluído o IVE)
- 14.3.** Garantía definitiva mediante retención no prezo: non
- 14.4.** Devolución proporcional en caso de recepción parcial: non
- 14.5.** Garantía complementaria: non
- 14.6.** Acreditación por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos: si

15. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

Ver cláusula 9 e anexos VII e VIII

Esta licitación ten carácter exclusivamente electrónico. A preparación, presentación, custodia e apertura de ofertas levarase a cabo a través do Sistema Electrónico Xunta de Galicia (SILEX): <https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE Internet/>

Prazo de presentación de ofertas: será o sinalado no anuncio de licitación, que se publicará no perfil de contratante (<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=587982>).

28 NOV. 2019



16. INCOMPATIBILIDADE

Neste contrato considérase incompatible que o adxudicatario do contrato manteña vinculacións comerciais ou financeiras ou de calquera outro tipo, coas empresas contratistas, ou coas empresas participantes na UTE, adxudicatarias das obras comprendidas no ámbito deste contrato, ou mesmo coas empresas subcontratistas ou traballadores autónomos intervinientes nas mencionadas obras.

Para manter a independencia técnica, ao adxudicatario do contrato (no caso dunha UTE para cada unha das empresas que participan na súa formación), esixiráselle a presentación dun certificado ou manifestación expresa da súa total independencia xurídica e económica de sociedades dedicadas á fabricación de materiais ou compoñentes e de empresas promotoras, construtoras ou instaladoras.

En casos puntuais debidamente xustificados e sempre que non se vexa afectada a independencia técnica do adxudicatario, o responsable do contrato poderá autorizar excepcións. As ditas excepcións deberán formalizarse sempre por escrito e contemplarán cada caso de forma individualizada. O incumprimento poderá ser motivo de resolución do contrato co consultor.

17. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

Non. O licitador debe axustarse ao proxecto e non se admite ningunha modificación, excepto o prezo. O licitador non pode modificar o prazo na súa oferta e de facelo será excluído do procedemento de licitación, e rexeitarase a súa oferta.

18. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Ver anexo IX do prego de cláusulas administrativas

19. PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR VALORES ANORMALMENTE BAIXOS (artigo 149 da LCSP):

Ofertas con valores anormais ou desproporcionados. Ver anexo IX do prego relativo a criterios de adxudicación

Entenderanse como ofertas incursas en presunción de anormalidade polo seu baixo importe, aquelas ofertas que:

- $BO > BM + 5$
-

Sendo:

28 NOV. 2019





BO: Baixa da Oferta Económica (%).

BM: Baixa Media (%), calculada como se indica a continuación

Entenderase por ofertas económicas contemplables, ás admitidas administrativamente e tecnicamente, unha vez excluídas aquelas correspondentes ás propostas situadas nun intervalo de calidade técnica inaceptable, así como aquelas que, para estes efectos, non deban ser consideradas segundo o prescrito no artigo 86 do RCAP. Tampouco se valorarán as ofertas presentadas polos licitadores que superen o tipo de licitación.

Os cálculos da Baixa Media (BM) realizaranse da forma seguinte:

Of_j = importe da oferta xenérica “contemplable” j (incluída no conxunto das citadas n ofertas “contemplables”).

PL = orzamento base de licitación. Obterase, para calquera número n , de ofertas contemplables:

$$BO_j = 100 \left(1 - \frac{Of_j}{PL} \right); \quad BM = \frac{1}{n} \sum_{j=1}^{j=n} BO_j$$

Se, conforme o criterio sinalado, algunha oferta presentase valores anormais ou desproporcionados, estarase ao disposto no artigo 149 da LCSP en canto ás xustificacións esixibles e á adxudicación do contrato.

No caso de que o órgano de contratación, unha vez estudadas as xustificacións dos licitadores incursos en presunción de anormalidade ou desproporcionalidade, aceptase estas, á baixa superior asignaríaselles a puntuación económica máxima, aplicándolle ao resto a formulación correspondente segundo o apartado 10.b). Noutro caso quedarán excluídas da licitación.

20. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN EN CASO DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS (artigo 147 da LCSP):


Ver cláusula 10.4. Clasificación das proposicións. Criterios de desempate en caso de igualdade, do prego de cláusulas administrativas.

21. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN (artigo 202 da LCSP)

Condições de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde: (especificar polo menos unha, de conformidade co artigo 202 da LCSP)

21.1. Son as seguintes:

- ✓ Todos os traballadores adscritos ao contrato, estarán vinculados ao persoal da empresa adxudicataria, mediante un contrato laboral, e destes o 50 % mediante un contrato laboral fixo.
- ✓ Do total dos traballadores adscritos ao contrato, vinculados ao persoal da empresa adxudicatario mediante un contrato laboral, unha porcentaxe de 25 % serán traballadoras.
- ✓ O incumprimento destas condicións especiais dará lugar a imposición de





penalidades, de acordo co disposto no PCAP.

- ✓ Atribúeselles o carácter de obrigación contractual esencial para os efectos sinalados na letra f) do artigo 211 da LCSP).

21.2. Penalidades por incumprimento das condicións especiais de execución do contrato: si.

22. RÉXIME DE ABOAMENTO DO PREZO (artigo 198 da LCSP e cláusula 23.2 do prego).

O pago do prezo efectuarase de acordo co establecido nos artigos 198 e 199 da Lei 9/2017, e as normas e disposicións de desenvolvemento. O prezo do contrato aboarase **contra a presentación de facturas mensuais**.

A valoración dos traballos efectuarase aplicando o sistema de prezos unitarios. Xustificarase o importe dos traballos desenvolto no mes, valorándoos segundo os prezos unitarios que figuran no cadro de prezos do orzamento base de licitación (Apartado C do Anexo I) afectados polo coeficiente de adxudicación.

O contratista terá a obrigación de presentar a **factura mensual correspondente aos servizos prestados, co detalle correspondente segundo este cadro de prezos**, no correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo para a súa tramitación.

As facturas expedidas deberán expresar a seguinte información relativa ao órgano xestor, oficina contable e unidade tramitadora:

CIF	Q6550023C
Receptor/Consellería /Entidade	Entidade pública empresarial Portos de Galicia
Órgano de contratación	Presidencia de Portos de Galicia
Unidade de contratación	Departamento de Contabilidade e Tesourería
Código interno SEF	1065
Oficina contable/Órgano xestor	Código DIR3:A12009472
Unidade tramitadora	Código DIR3: GE0011237

Será requisito imprescindible para o aboamento, que o responsable do contrato recibise os informes mensuais e demais documentación esixida no prego de cláusulas administrativas e no prego de prescricións técnicas.

En caso de incumprimento do prazo anterior, poderáselle aplicar o estipulado en canto ás penalidades por demora na LCSP, no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

23. CESIÓN DE CONTRATO (artigo 214 da LCSP)

Admítese nas condicións do artigo 214 e concordantes da LCSP. Ver cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

28 NOV. 2019





24. SUBCONTRATACIÓN (artigo 215 da LCSP e 29.3.b) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico)

22.1. Condicións:

- ✓ Permítese mediante o cumprimento das condicións establecidas no artigo 215.2.b).
- ☐ Esíxese a presentación dunha declaración sobre a parte do contrato que o licitador teña previsto subcontratar nos termos do artigo 215.2.a) da LCSP.
- ☐ Tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación e deben ser executadas directamente polo contratista principal, en aplicación do artigo 215.2.e) da LCSP.

22.2. Pagos directos a subcontratistas: non se prevén. sen prexuízo do previsto nos artigos 216 e 217.

25. LUGAR DE ENTREGA OU PRESTACIÓN (artigo 210.2 da LCSP)

25.1. Lugar de entrega ou prestación: na Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos do PPT

26. PENALIDADES (ver cláusula 18 do PCAP).

Si. Aplicaranse nos termos do artigo 192, 193.3 e 194 da LCSP e cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares.

27. MODIFICACIÓN DO CONTRATO (ver cláusula 20 do PCAP)

27.1. Posibilidade de modificación do contrato:

Si. O contrato poderá modificarse cando concorra algunha das circunstancias previstas expresamente no artigo 205 da LCSP, de conformidade co preceptuado nos artigos 203, 206 e 207 da mesma lei e sempre que con iso non se alteren as condicións esenciais da licitación e adxudicación e nos termos da cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

27.2. Modificacións previstas na licitación por razón de estabilidade orzamentaria ou sustentabilidade financeira:

Será causa de modificación do presente contrato a aplicación de medidas de estabilidade orzamentaria, acordadas polos órganos de goberno ou legislativos competentes, que provoquen a redución do financiamento previsto no documento contractual.

27.3. Outras modificacións: serán debidas ao incremento do número de unidades previstas no contrato, incremento do volume de execución material, motivado por un maior número de obras con proxecto de construción e sen el (incluídas as obras de emerxencia), e do número de contratos de conservación e mantemento.

28 NOV. 2019

73



Tamén se considerou a necesidade de que durante o prazo de garantía das obras, incluídas no período de vixencia do servizo obxecto deste prego, o coordinador en materia de seguridade e saúde deba exercer as súas funcións (entre outras, planificación dos traballos en todo o relacionado coa prevención de riscos laborais, control de accesos, xestión documental, e coordinación de actividades empresariais), en todas as actuacións esixidas ao contratista da obra pola súa dirección facultativa.

Polo exposto, estimouse unha porcentaxe máxima do 20 %, da suma do importe do contrato (2 anos), máis o importe máximo das eventuais prórrogas (3 anos).

28. RESOLUCIÓN DO CONTRATO (artigos 211, 213 e 313 da LCSP)

Nos termos da cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares e singularmente imponse a obriga ao contratista de someterse á normativa de protección de datos coa advertencia de que se trata dunha obriga contractual esencial aos efectos de resolución do contrato.

28 NOV. 2019





ANEXO II: SOBRE 1.- DECLARACIÓN RESPONSABLE AXUSTADA AO DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A DECLARACIÓN

Os pasos para seguir para cubrir o documento europeo único de contratación a través do servizo DEUC electrónico son os seguintes:

Descargar o documento que está no perfil de contratante en formato xml, identificado como [.....].

Ir á seguinte ligazón: <https://ec.europa.eu/tools/espd?lang=es>

Elixir a casa “Son un operador económico”.

Elixir a casa “Importar DEUC”.

En “examinar” elixir o documento que nos descargamos no paso 1, en formato xml.

Xa aparece o DEUC correspondente a este expediente, co que se cobre, imprime e sinatura para a súa presentación en formato papel.

En caso de non utilizar o servizo DEUC electrónico facilítase un documento en formato odt para poder cubri-lo en soporte papel.

Unha maior información sobre como cubrir o DEUC atópase nos seguintes documentos:

O regulamento de execución (UE) 2016/7 da Comisión, do 5 de xaneiro de 2016, polo que se establece o formulario normalizado do DEUC está dispoñible na páxina web <https://www.boe.es/doue/2016/003/L00016-00034.pdf>.

Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado aos órganos de contratación en relación coa utilización do Documento Europeo Único de Contratación previsto na nova directiva de contratación pública: <http://www.minhap.gob.es/es-ES/Servicios/Contratacion/Junta%20Consultiva%20de%20Contratacion%20Administrativa/Paginas/default.aspx>.

Ligazón ao formulario electrónico Documento Europeo Único de Contratación (DEUC): <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter?lang=es>

DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC) ÍNDICE

O presente formulario consta das seguintes partes e seccións:


Parte I. Información sobre o procedemento de contratación e o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora.

Parte II. Información sobre o operador económico (empresa licitadora ou candidata).

Sección A: Información sobre o operador económico.

Sección B: Información sobre os representantes do operador económico.

Sección C: Información sobre o recurso á capacidade doutras entidades.





Sección D: Información relativa aos subcontratistas en cuxa capacidade non se basee o operador económico.

Parte III. Criterios de exclusión:

Sección A: Motivos referidos a condenas penais.

Sección B: Motivos referidos ao pago de imposto ou de cotizacións á Seguridade Social.

Sección C: Motivos referidos á insolvencia, os conflitos de intereses ou a falta profesional.

Sección D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do Estado membro do poder adxudicadora ou a entidade adxudicadora.

Parte IV. Criterios de selección:

Sección I: Indicación global relativa a todos os criterios de selección.

Sección A: Idoneidade

Sección B: Solvencia económica e financeira.

Sección C: Capacidade técnica e profesional.

Sección D: Sistemas de aseguranza da calidade e normas de xestión ambiental.

Parte V. Redución do número de candidatos cualificados.

Parte VI. Declaracións finais.

Parte I: Información sobre o procedemento de contratación e o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora.

No caso dos procedementos de contratación nos que se publicou unha convocatoria de licitación no *Diario Oficial da Unión Europea*, a información esixida na parte I obterase automaticamente, sempre que se utilice o servizo DEUC electrónico 1 para xerar e cubrir o DEUC. Referencia do anuncio pertinente 2 publicado no *Diario Oficial da Unión Europea*:
DOUE S [], data [], páxina []
Número do anuncio no DO S: [][][][]/S [][][][]-[][][][][][][][]
Se non se publica unha convocatoria de licitación no DOUE, o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora deberán consignar a información que permita identificar de forma inequívoca o procedemento de contratación.
Se a publicación dun anuncio no *Diario Oficial da Unión Europea* non é obrigatoria, sírvase facilitar outros datos que permitan identificar inequivocamente o procedemento de contratación (por exemplo, referencia da publicación no ámbito nacional): []

INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

A información esixida na parte I obterase automaticamente, sempre que se utilice o servizo DEUC electrónico antes citado para xerar e cubrir o DEUC. De non ser así, a dita información deberá ser consignada polo operador económico.

Identidade do contratante	Resposta
Nome:	[]
De que contratación se trata?	Resposta
Título ou breve descrición da contratación 4	[]
Número de referencia do expediente asignado polo poder adxudicador ou a entidade adxudicadora (se é o caso) 5	[]





A restante información en todas as demais seccións do DEUC haberá de ser consignada polo operador económico.

1 Os servizos da comisión poñerán gratuitamente o servizo DEUC electrónico ao dispor dos poderes adxudicadores, os operadores económicos, os provedores de servizos electrónicos e outras partes interesadas.

No caso dos poderes adxudicadores: ben un anuncio de información previa utilizado como medio de convocatoria de licitación, ben un anuncio de contrato.

2 No caso das entidades adxudicadoras: un anuncio periódico indicativo que se utilice como medio de convocatoria de licitación, un anuncio de contrato ou un anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación.

3 Deberá reproducirse a información que figure na sección I, punto I.1, do anuncio de licitación. En caso de contratación conxunta, sírvase indicar os nomes de todos os contratantes.

4 Véxanse os puntos II. 1.1 e II 1.3 do anuncio pertinente.

5 Véxase o punto II.1.1 do anuncio pertinente.

Parte II: Información sobre o operador económico

A: INFORMACIÓN SOBRE O OPERADOR ECONÓMICO

Identificación	Resposta
Nome:	
Número de IVE, se é o caso:	
Se non se dispón de número de IVE, indíquese, se é o caso, cando se esixa, outro número de identificación nacional.	
Enderezo postal:	
Persoa ou persoas de contacto 6	
Teléfono:	
Enderezo electrónico:	
Enderezo Internet (enderezo da páxina web, se é o caso):	
Información xeral	Resposta
É o operador económico unha microempresa, unha pequena empresa ou unha mediana empresa? 7	Si Non
Unicamente en caso de contratación reservada 8: o operador económico é un taller protexido ou unha empresa social 9 ou prevé que o contrato se execute no marco de programas de emprego protexido?	Si Non
Se a resposta é afirmativa,	[...]
Cal é a correspondente porcentaxe de traballadores discapacitados ou desfavorecidos?	[...]
En caso necesario, especifíquese a que categoría ou categorías pertencen os traballadores discapacitados ou desfavorecidos de que se trate.	Si Non Non procede
Se é o caso, figura o operador económico rexistrado nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación?	

28 NOV. 2019



6 Repítase a información relativa ás persoas de contacto tantas veces como sexa necesario.



7 Véxase a Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresa, pequenas e medianas empresas (DO L 124 de 20.5.2003, p. 36). Este dato solicítase exclusivamente con fins estatísticos.

Microempresa: empresa que conte con menos de 10 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non exceda de 2 millóns de euros.

Pequena empresa: empresa que conte con menos de 50 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non exceda de 10 millóns de euros.

Mediana empresa: empresa que non é nin unha microempresa nin unha pequena empresa, que conte con menos de 250 empregados e cuxo volume de negocios anual non exceda de 50 millóns de euros ou cuxo balance total anual non exceda de 43 millóns de euros

8 Véxase o anuncio do contrato, punto III.1.5.

9 É dicir, cuxo obxectivo principal sexa a integración social e profesional de persoas discapacitadas ou desfavorecidas.

En caso afirmativo:

Sírvase responder as restantes preguntas desta sección, a sección B e, cando cumpra, a sección C da presente parte, cubrir, cando cumpra, a parte V, e, en calquera caso, cubra e asine a parte VI.

a) Indíquense o nome da lista ou certificado e o número de inscrición ou certificación pertinente:

b) Se o certificado de inscrición ou a certificación están dispoñibles en formato electrónico, sírvase indicar:

c) Indíquese as referencias nas que se basea a inscrición ou certificación e, se é o caso, a clasificación obtida na lista oficial 10:

d) Abarca a inscrición ou certificación todos os criterios de selección esixida?

En caso negativo:

Sírvase consignar, ademais, a información que falte na parte IV, seccións A, B, C ou D, segundo proceda. UNICAMENTE, cando así o esixan o anuncio pertinente ou os pregos de contratación.:

e) Poderá o operador económico presentar un certificado con respecto ao pago das cotizacións á seguridade social e os impostos ou facilitar información que lle permita ao poder adxudicador ou á entidade adxudicadora obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado membro que poida consultarse gratuitamente?

Se a documentación pertinente está dispoñible en formato electrónico, sírvase indicar:

a) [...]

b) (endereço da páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación): [...] [...] [...] [...]

c) [...]

d) Si Non

e) Si Non

Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou a través do acceso e consulta autorizada a bases de datos, así como que cumpre os requisitos ou criterios de aptitude ou selección establecidos legalmente para contratar, dispoñendo da documentación para a súa verificación, e comprométese a respectar a confidencialidade e o deber de secreto nos termos expresados no prego administrativo respecto dos datos aos que poida ter acceso para formalizar a súa oferta.

_____, de _____ de _____ (Lugar e data)
Sinatura do _____ licitador:

28 NOV. 2019





ANEXO IV: MODELO DE RELACIÓN PRIORIZADA DE LOTES PARA OS QUE SE FORMULA OFERTA (a presentar no sobre n.º 1, de ser o caso)

Don/dona con domicilio social en _____
_____ provincia de _____, rúa
_____ número _____ e DNI número _____ en
nome (propio), (ou da empresa que representa) _____ e CIF
_____, informado/a do anuncio publicado o día ____ de ____ de _____ e das
condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación dos traballos de
_____ sinalo a seguinte relación priorizada para os efectos de
adxudicación dun único lote entre todos para os que, individual ou conxuntamente con
outras empresas, formulo oferta:

ORDE DE PRIORIDADE DE ADXUDICACIÓN	DENOMINACIÓN DO LOTE

*Nota: cubrirase o cadro de priorización de lotes ata o número de orde igual ao número de lotes aos que se presente cada licitador.

Lugar, data e sinatura

28 NOV. 2019





ANEXO V: SOBRE N.º1.- DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UNIÓN TEMPORAL

D.ª. /D. _____, maior de idade e con NIF núm. _____, en nome propio ou en representación da empresa _____ con domicilio social en _____ e NIF n.º _____, en calidade de (1), baixo a súa persoal responsabilidade.

D.ª./D. _____, maior de idade e con NIF núm. _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, con domicilio social en _____ e NIF n.º _____ en calidade de (1), baixo a súa persoal responsabilidade.

Comprométense a constituír unha unión temporal de empresas, de conformidade co establecido na Lei de contratos do sector público, para os efectos de participar na licitación para a contratación do expediente (indicar expediente).

No caso de resultar adxudicatarias comprométense a formalizar en escritura pública a citada unión. A participación na unión temporal de cada membro é a que segue:

_____ XX %.
_____ XX %.

Como persoa representante da citada unión noméase a _____ (2)

(Lugar, data, sinatura)

(SINATURA DE CADA MEMBRO DA UTE).

1. Apoderado/a, administrador/a único/a, administrador/a solidario/a, administrador/a mancomunado/a etc.
2. Indicar cargo e empresa.

28 NOV. 2019





ANEXO VI: SOBRE N.º2.- DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN VALORADOS MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR

Nota: En ningún caso a persoa licitadora reflectirá na documentación do sobre número 2, referencia algunha nin documentación que deba incluírse no sobre número 3, sendo causa de exclusión, se así o fixese.

1.-Memoria descriptiva. -

1.1.-Metodoloxía que se debe seguir nos diferentes traballos, alcance, planificación e desenvolvemento, diferenciando obras con e sen proxecto de construción (de emerxencia, contratos menores, contratos de conservación e mantemento). Obras con coordinador de seguridade e saúde, e con técnico superior en prevención de riscos laborais. Metodoloxía e planificación na elaboración e supervisión de ESS /EBSS.

1.2.-Procedemento de análise da documentación de seguridade e saúde xerada (proxecto de construción, CCC, PCAP, oferta), avaliación de riscos da obra ou plan de seguridade e saúde, elaborado polo contratista (suficiencia e validez; persoal técnico a pé de obra, planificación e organización preventiva, procedementos construtivos: medidas preventivas, proteccións propostas etc.). seguimento control de PSS, modificacións, relacións co contratista (xefe de obra, e TSPRL a pé de obra), informes.

1.3.-Procedementos para a supervisión, control e seguimento do cumprimento do plan de seguridade e saúde, durante a execución. Cumprimento das obrigacións do contratista en materia de: formación e información aos traballadores de obra (persoal propio, dos subcontratistas, ou traballadores autónomos), vixilancia da saúde de acordo co requirido pola lexislación e das características particulares das unidades de obra que se van executar, documentación maquinaria, e autorizacións de uso.

1.4.-Aplicación en obra da Lei 32/2006, reguladora da subcontratación, do Real decreto 1109/2007 que desenvolve a Lei 32/2006, e do VI Convenio Xeral do Sector da Construción e cada un dos convenios provinciais. Supervisión e seguimento do Libro de Subcontratación. Anotacións no Libro de Incidencias, e notificacións.

1.5.-Reunións e visitas de obra. Planificación, descrición dos aspectos fundamentais que se van supervisar e controlar, así como o seu seguimento.

2.- Equipo. -

2.1.-Organización equipo e medios, persoal técnico adscrito ao servizo, segundo o perfil definido na memoria.

2.2.- Visitas, planificadas e preparadas previamente, en función dos seus medios, da organización prevista para desenvolver o contrato, do tipo de obra (con ou sen proxecto; obras menores, de emerxencia, contrato de conservación e mantemento etc.). Considerouse que cada coordinador en materia de Seguridade e Saúde visitará cada obra na que teña responsabilidade, un número mínimo dunha **(1)** vez á semana, deixando a posibilidade de que cada un dos licitadores, incrementa este número mínimo de visitas. O responsable do contrato e o delegado do consultor poderán determinar as necesidades específicas de cada obra en canto ao n.º de visitas.

28 NOV. 2019





3.- Programas informáticos, tecnoloxía, e I+D+i.- Implantación de sistemas ou avances informáticos que melloren a prestación do servizo e faciliten os labores de coordinación en materia de seguridade e saúde.

3.1.-Software de aplicación á xestión e seguimento de cada obra, e á xestión da documentación xerada por cada un dos axentes que interveñen nestas.

3.2.-Libro de incidencias electrónico cumprindo os requisitos esixidos no Real decreto 1627/1997, definición do acceso, tipo dispositivo preciso, sinatura electrónica, achega de fotografías, xeración automática de arquivo de seguridade en formato pdf, envíos etc.

28 NOV. 2019





ANEXO VII: SOBRE N.º 3.- DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN VALORADOS MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS

Proposición económica. A proposición, debidamente asinada e datada, deberá axustarse ao modelo que figura no anexo VIII deste prego.

ANEXO VIII: SOBRE 3.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D.^a/D.

Con residencia en

provincia de

rúa n.º

segundo documento nacional de identidade n.º

informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de servizo (1):

Expediente:

Título:

Localidade:

Comprométese, en nome (2) a executar o contrato con estrita suxeición aos requisitos esixidos, de acordo coas condicións ofertadas, pola cantidade de euros, IVE excluído. (3)

A esta cantidade correspóndelle un IVE de euros. (3)

(Lugar, data, sinatura)

Expresar denominación e número do expediente.

Propio ou da empresa que representa.

Expresar o importe en letra e número.

Na proposición deberá indicarse, como partida independente, o importe do imposto sobre o valor engadido que deba ser repercutido.


Na proposición económica entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para a persoa adxudicataria, como consecuencia do cumprimento das obrigacións contempladas no presente prego.

Cada persoa licitadora soamente poderá presentar unha proposición económica, non sendo admitidas aquelas cuxo importe sexa superior ao orzamento de licitación.

En caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá esta última.

Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente todo aquilo que a Administración estime fundamental para a oferta.

28 NOV. 2019





ANEXO IX: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E BAREMOS DE VALORACIÓN

(*) Conforme ao artigo 146.3 da LCSP, o limiar mínimo ha de ser do 50 %

1.	Técnicos	De 0 a 49 puntos
2.	Obxectivos	0 ou 2 puntos
3.	Económicos	De 0 a 49 puntos

a) **TÉCNICOS (Criterios non avaliados mediante fórmulas).**

A puntuación dividirase en tres (3) sumandos diferenciados:

- 1.- Metodoloxía de traballo. - Valoración: de cero (0) puntos, ata un máximo de trinta (30) puntos.
- 2.- Equipo de traballo. - Valoración: de cero (0) puntos, ata un máximo de doce (12) puntos.
- 3.- Programas informáticos, tecnoloxía, e I+D+i.- Valoración: de cero (0) puntos, ata un máximo de sete (7) puntos.

A puntuación técnica (PT) dos criterios non cuantificables mediante fórmulas virá dado pola suma das puntuacións obtidas na aplicación do baremo de valoración das referencias técnicas non avaliados mediante fórmulas e aplicando o seguinte criterio:

- Oferta con maior puntuación no baremo: 49 puntos
- Oferta con menor puntuación no baremo: manterá os puntos obtidos co baremo.
- Resto de ofertas: linealmente entre a oferta con menos puntuación e 49 puntos.

Non serán tidas en conta pola Mesa de Contratación as ofertas cuxa puntuación técnica (PT) non alcance o limiar mínimo esixido (acorde co artigo 146.3 da LCSP). Por tanto non será aceptada, será excluída da licitación, as proposicións que NON obteñan como mínimo o 50% da puntuación técnica total máxima, é dicir, de 24,50 puntos (suma dos tres criterios de valoración técnica da oferta) por considerarse de calidade técnica inaceptable.

En consecuencia, se todas as ofertas se atopasen por baixo do devandito limiar mínimo, a Mesa de Contratación propondrá que se declare deserta a licitación.

Os resultados parciais e totais redondearanse con dúas (2) cifras decimais.

Os criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor desagreganse na seguinte táboa:

28 NOV. 2019





CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS		PUNTOS		
		49		
1.	Metodoloxía de traballo (número máximo de páxinas 20)		30	
1.1.	Memoria descriptiva da metodoloxía que se vai seguir nos diferentes traballos, alcance, planificación e desenvolvemento, diferenciando obras con e sen proxecto de construción (de emerxencia, contratos menores, contratos de conservación e mantemento). Obras con coordinador de seguridade e saúde, e con técnico superior en prevención de riscos laborais. Metodoloxía e planificación na elaboración e supervisión de ESS /EBSS.			6
1.2.	Procedemento de análise da documentación de seguridade e saúde xerada (proxecto de construción, CCC, PCAP, oferta), avaliación de riscos da obra ou plan de seguridade e saúde, elaborado polo contratista (suficiencia e validez; persoal técnico a pé de obra, planificación e organización preventiva, procedementos construtivos: medidas preventivas, proteccións propostas etc.). seguimento control de PSS, modificacións, relacións co contratista (xefe de obra, e TSPRL a pé de obra), informes.			6
1.3.	Procedementos para a supervisión, control e seguimento do cumprimento do plan de seguridade e saúde, durante a execución. Cumprimento das obrigacións do contratista en materia de: formación e información aos traballadores de obra (persoal propio, dos subcontratistas, ou traballadores autónomos), vixilancia da saúde de acordo co requirido pola lexislación e das características particulares das unidades de obra que se van executar, documentación maquinaria, e autorizacións de uso.			6
1.4.	Aplicación en obra da Lei 32/2006, reguladora da subcontratación, do Real decreto 1109/2007 que desenvolve a Lei 32/2006, e do VI Convenio Xeral do Sector da Construción e cada un dos convenios provinciais. Supervisión e seguimento do Libro de Subcontratación. Anotacións no Libro de Incidencias, e notificacións.			6
1.5.	Reunións e visitas de obra. Planificación, descrición dos aspectos fundamentais que se deben supervisar e controlar, así como o seu seguimento. Diferenciarase entre obras con proxecto de construción e sen el (contratos menores de obra, obras de emerxencia, e contratos de conservación e mantemento). Informes. Entrega documentación das obras finalizadas.			6
2.	Equipo de traballo (número máximo de páxinas 8)		12	
2.1.	Organización equipo e medios, persoal adscrito ao servizo. Adicionalmente e sempre partindo do número mínimo de coordinadores esixido no PPTP, o licitador poderá incrementalo, indicando o tempo de dedicación ao contrato.			6

28 NOV. 2019



2.2.	Número de visitas para realizar por cada coordinador a cada obra, segundo a súa tipoloxía e características a partir do número mínimo de 1 visita a obra por semana e coordinador, esixida no PPTP.			6
3.	Programas informáticos, nova tecnoloxía (número máximo de páxinas 10)		7	
3.1.	Software de aplicación á xestión e seguimento de cada obra, e á xestión da documentación xerada por cada un dos axentes que interveñen nestas. Definición do funcionamento, acceso, e bondades; consulta e descarga da documentación, listaxes, informes, seguimento fotográfico en tempo real a través da web.			4
3.2.	Libro de incidencias electrónico cumprindo os requisitos esixidos no Real decreto 1627/1997, definición do acceso, tipo dispositivo preciso, sinatura electrónica, achega de fotografías, xeración automática de arquivo de seguridade en formato pdf, envíos etc.			3

* A exposición deberá de ser simple, concreta e adecuada.

b) OBXECTIVOS(. Avaliables mediante formulas)

Puntuarase con dous (2) puntos, o compromiso adquirido pola empresa licitadora de que a totalidade (100%) dos traballadores adscritos ao contrato (Delegado de Coordinadores en materia de Seguridade e Saúde) teña unha vinculación laboral coa empresa mediante un contrato laboral fixo.

Se algunha empresa licitadora non especifica na súa oferta este criterio entenderase que non asume devandito compromiso e obterá unha puntuación de cero (0) puntos.

c) ECONÓMICOS (criterios avaliables mediante fórmulas).

Procederáse á valoración das ofertas económicas, e non se considerarán as ofertas económicas que superen o tipo de licitación.

Determinaranse as ofertas dos licitadores admitidas, tanto administrativa como técnica e economicamente, previa exclusión das situadas nun intervalo de calidade técnica inaceptable, así como as incursas en temeridade.

A puntuación económica (PE), de 0 **ata** 49 puntos, virá dada pola aplicación das seguintes fórmulas de puntuación ás proposicións económicas admitidas.

$$PE = 46 + 3 * \frac{(Bi - 0,8 * Be)}{(0,2 * Be)} ; \quad \text{para } 0,8 * Be < Bi < Be$$

$$PE = 40 + 6 * \frac{(Bi - 0,55 * Be)}{(0,25 * Be)} ; \quad \text{para } 0,55 * Be < Bi \leq 0,80 * Be$$

$$PE = 40 * \frac{Bi}{(0,55 * Be)} ; \quad \text{para } 0 < Bi \leq 0,55 * Be$$

28 NOV. 2019





Sendo:

PE = Puntuación económica.

B_i = Baixa da oferta admitida para a que se determinará a puntuación económica calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o Orzamento Base de Licitación (IVE excluído), e o Orzamento da Oferta (IVE excluído), expresado en tanto por cen sobre o Orzamento Base de Licitación (IVE excluído).

B_e = Baixa da oferta máis económica das admitidas.

Para iso, calcularase a baixa de cada oferta (B_i), como a porcentaxe que represente a diferenza entre o Orzamento Base de Licitación (IVE excluído), e o Orzamento da Oferta (IVE excluído), expresado en tanto por cen sobre o Orzamento Base de Licitación (IVE excluído).

$$B_i = 100 * \frac{(PBL - Of_i)}{PBL}$$

Sendo:

Of_i = Importe da oferta xenérica "contemplable" i (incluída no conxunto das citadas n ofertas "contemplables").

PBL = Orzamento Base de Licitación. Obterase, para calquera número n , de ofertas contemplables.

Nas ofertas formuladas por distintas empresas pertencentes a un mesmo grupo aplicarase o disposto no artigo 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

O cálculo da baixa media (BM), expresada como porcentaxe (%), realizarase mediante a fórmula seguinte:

$$BM = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n B_i$$


A continuación procederase ao cálculo definitivo da puntuacións técnicas (PT) e económicas (PE) das ofertas admitidas, de acordo cos seguintes criterios:

A puntuación técnica final (PTF) resultado da suma da puntuación técnica :Xuízos de valor (criterios non avaliados mediante formulas), e Obxectivos (avaliados mediante fórmulas)

A primeira virá dado pola suma das puntuacións obtidas na aplicación do baremo de valoración das referencias técnicas non avaliados mediante fórmulas e aplicando o seguinte criterio:

- Oferta con maior puntuación no baremo: 49 puntos
- Oferta con menor puntuación no baremo: Manterá os puntos obtidos co baremo.
- Resto de ofertas: linealmente entre a oferta con menos puntuación e 49 puntos.

28 NOV. 2019





E a segunda, virá dado por cero (0) puntos no caso que a empresa licitadora non adquira o compromiso de que a totalidade dos traballadores adscritos ao contrato (Delegado e Coordinadores en materia de Seguridade e Saúde) teña unha vinculación laboral coa empresa mediante un contrato laboral fixo, en 2 puntos no caso de que o adquira.

A puntuación global (PG) das proposicións virá dada de acordo coa seguinte fórmula:

$$PG = PTF + PE$$

Para os efectos do cálculo, os resultados parciais e totais redondearanse a dúas (2) cifras decimais.

1.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS. BAIXA TEMERARIA.

Consideraranse como ofertas incursas en presunción de anormalidade ou desproporcionalidade, aquelas que presentan unha baixa superior en CINCO (5) puntos á baixa media:

$$B_i > BM + 5$$

Se algunha oferta presentase valores anormais ou desproporcionados, aplicarase o disposto no artigo 149 da LCSP, en canto ás xustificacións esixibles e á adxudicación do contrato.


No caso de que o órgano de contratación, unha vez estudadas as xustificacións dos licitadores incursos en presunción de anormalidade ou desproporcionalidade, as aceptase, á baixa superior asignaríaselle a puntuación económica máxima, aplicando ao resto a formulación correspondente segundo apartado 10.b). Noutro caso quedarán excluídas da licitación.

Valoración final das ofertas

A puntuación global (PG) calcularase como suma das obtidas na puntuación técnica, e na económica.

$$PG = PT + PE$$

28 NOV. 2019





ANEXO X: DECLARACIÓN DE CONFIDENCIALIDADE.

D.ª. /D. ..., con DNI núm. ..., en nome e representación de ... con NIF...

DECLARA

Que os documentos e datos que se relacionan a continuación, presentados no sobre n.º (1) considéranse de carácter confidencial:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

(Lugar, data e sinatura)

(1) Indicar número de sobre.

Deberá presentarse, se é o caso, unha declaración por cada sobre, non podendo esta alcanzar a toda a documentación. En ningún caso poderá referirse á documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados mediante a aplicación de fórmulas.

28 NOV. 2019





**ANEXO XI: SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA
(Será proporcional e vinculada ao obxecto do contrato)**

1. Grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación do contrato (cubrir en todos os contratos de servizos cuxo obxecto estea incluído no anexo II do RXLCAP). Indicar ambas en todo caso.

Clasificación anterior á entrada en vigor do Real decreto 773/2015 / Clasificación posterior á entrada en vigor do Real decreto 773/2015

Grupo Categoría	Subgrupo	Categoría	Grupo	Subgrupo
--------------------	----------	-----------	-------	----------

2. Criterios de selección relativos á solvencia económica e financeira do empresario (cubrir en todos os contratos de servizos). As empresas licitadoras terán un volume anual global de negocio, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres (3) últimos concluídos, que será dunha vez e media (1,5) o valor estimado do contrato sen IVE. Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil ou polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado.

Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil.


A empresa adxudicataria do contrato subscribirá unha póliza de seguro onde se indiquen os riscos específicos asegurados, e con vixencia desde a sinatura do contrato ata súa finalización para os coordinadores en materia de seguridade e saúde adscritos ao servizo, que cubrirá:

- A responsabilidade civil por riscos profesionais en que puidesen incurrir, indemnizacións, lesións, danos e/ou perdas e en xeral calquera reclamación, así como o cumprimento de obrigacións e o pago de sancións, que teñan a súa orixe na actividade e responsabilidade atribuídas aos coordinadores. O importe da suma asegurada non será inferior ao valor estimado do contrato, é dicir, ascenderá á cantidade de OITOCENTOS MIL EUROS (800.000,00 €).
- Accidentes cualificados como de traballo, con ocasión ou a consecuencia deste contrato, e que produzan a declaración de incapacidade ou o falecemento. O importe mínimo da suma asegurada por sinistro ascenderá á cantidade de TRES CENTOS MIL EUROS (300.000,00 €), por vítima.

As empresas licitadoras incluírán nas súas ofertas o compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación, en caso de resultar adxudicatario, da póliza de seguro esixida.

O compromiso farase efectivo previamente ao comezo da prestación do servizo, e garantirá o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro.

28 NOV. 2019





ANEXO XII: SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS

1. Grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación do contrato (cubrir en todos os contratos de servizos cuxo obxecto estea incluído no anexo II do RXLCAP).

Indicar ambas en todo caso

Clasificación anterior á entrada en vigor do Real decreto 773/2015 / Clasificación posterior á entrada en vigor do Real decreto 773/2015

Grupo Categoría	Subgrupo	Categoría	Grupo	Subgrupo
--------------------	----------	-----------	-------	----------

2. Criterios de selección relativos á solvencia técnica ou profesional do empresario.

Só serán admitidas na licitación, as empresas e as persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, é dicir, coa coordinación en materia de seguridade e saúde na fase de elaboración do proxecto de construción, e na de execución de obra, segundo se explicita nos estatutos ou regras fundacionais da escritura de constitución, e ademais se acredite.

Estarán facultadas para concertar contratos de servizo coa Administración, de acordo coas disposicións legais vixentes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Esíxeselles aos licitadores, a acreditación da solvencia técnica, mediante a presentación dunha relación dos servizos desenvolto durante o últimos **TRES (3) anos**, de natureza análoga á do obxecto definido a licitación, e cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento da anualidade media do contrato. Na relación indicárase como mínimo os seguintes datos do contrato de servizo: importe (IVE excluído), promotor (público ou privado), data, tipo de obra, e prazo.

Cando a empresa licitadora executase o contrato a través dunha UTE, computarase o importe daquel en proporción á participación da devandita empresa na citada UTE, e cando as empresas liciten agrupadas en UTE consideraranse indistintamente os contratos de calquera das empresas constituíntes da UTE para alcanzar as porcentaxes do valor estimado fixados.

Neste contrato considérase incompatible que as empresas licitadoras do mesmo:

Manteñan vinculacións como Servicio de Prevención Aleo, coas empresas contratistas adxudicatarias das obras comprendidas no ámbito deste contrato (no caso dunha UTE, con calquera das empresas participantes na mesma), ou mesmo coas empresas subcontratistas, ou traballadores autónomos intervinientes nas mencionadas obras.

Na licitación, esixiráselle as empresas licitadoras (no case dunha UTE, para cada un das empresas que participan na formación da mesma), a presentación dunha Declaración de Responsable a este respecto.

28 NOV. 2019

109



Para manter a independencia técnica, ao adxudicatario do contrato (no caso dunha UTE para cada unha das empresas que participan na súa formación), esixiráselle a presentación dun certificado ou manifestación expresa da súa total independencia xurídica e económica de sociedades dedicadas á fabricación de materiais ou compoñentes e de empresas promotoras, construtoras ou instaladoras.

En casos puntuais debidamente xustificadas e sempre que non se vexa afectada a independencia técnica do adxudicatario, o órgano de contratación a proposta do responsable do contrato poderá autorizar excepcións. As ditas excepcións deberán formalizarse sempre por escrito e contemplarán cada caso de forma individualizada. O incumprimento poderá ser motivo de rescisión do contrato co consultor.

COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS:

Os licitadores acreditasen na súa oferta que dispoñen dunha organización (medios humanos e materiais), suficientes para a prestación do servizo.

Posteriormente á adxudicación, e previamente a inicio da prestación do servizo, xustifícase a dispoñibilidade dos técnicos propostos na súa oferta de licitación. Remitirá a seguinte documentación relativa ao persoal adscrito ao contrato; historiais profesionais, copias cotexadas das titulacións académicas, e certificado de colexiación.

A substitución dos medios adscritos non poderá realizarse sen a previa autorización da Administración. Para tal fin, o contratista deberá remitir a aquela unha xustificación dos novos medios ou un historial profesional das novas persoas propostas.

Esta obrigaón establécese como esencial a efectos do artigo 211 LCSP.

Os perfís requiridos para o desenvolvemento do contrato son os seguintes:

Equipo

Delegado do consultor


É o técnico pertencente ao persoal da empresa consultora, designado para representar, e actuar como único interlocutor ante a entidade empresarial pública Portos de Galicia, e impartir directamente as instrucións de traballo.

Titulación: arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro e enxeñeiro técnico.

Formación específica homologada pola autoridade laboral; técnico superior de prevención de riscos laborais na especialidade de seguridade no traballo (600 horas), conforme ao disposto no Real decreto 39/1997, Regulamento de servizos de prevención, e curso de coordinador en materia de seguridade e saúde en obras de construción (200 horas), ou outra formación específica en prevención de riscos en obras de construción.

Experiencia mínima de OITO (8) anos, en proxectos de construción, en obras de enxeñaría civil (en especial en obras marítimas; dragaxes, rexeneración de praias, diques de abrigo de bloques e/ou dique, peiraos de bloques de formigón, recalzos, diques flotantes de formigón armado, pantaláns flotantes de formigón armado, de aluminio, fondeados ou pilotados, habilitación de chairas, urbanizacións, redes de servizos; abastecemento, saneamento, electricidade, telecomunicacións etc., viarios e accesos, paseos marítimos, equipamento portuario etc), e de

28 NOV. 2019





edificación (en especial obras de naves, departamentos-almacén para mariñeiros, lonxas, fábricas de xeo, estacións marítimas, naves clubs de remo e vela etc.).

Equipo de coordinadores de seguridade e saúde

Formado por técnicos competentes, pertencente ao persoal do consultor, integrados na dirección facultativa no caso de obras, e co seguinte perfil:

En proxectos de construción e obras, de enxeñería civil:

-Titulación: enxeñeiro de camiños, canles e portos (ICCP) ou enxeñeiro técnico de obras públicas (ITOP), en todas as especialidades.

-Formación específica homologada pola autoridade laboral; técnico superior de prevención de riscos laborais na especialidade de seguridade no traballo (600 horas), conforme ao disposto no Real decreto 39/1997, Regulamento de servizos de prevención, e curso de Coordinador en Materia de Seguridade e Saúde en Obras de Construción (200 horas), ou outra formación específica en prevención de riscos en obras de construción.

-Experiencia mínima de CINCO (5) anos, como coordinador de seguridade e saúde en proxectos de construción e en obras de enxeñería civil (en especial en obras marítimas; dragaxes, rexeneración de praias, diques de abrigo de bloques e/ou dique, peiraos de bloques de formigón, recalzos, diques flotantes de formigón armado, pantaláns flotantes de formigón armado, de aluminio, fondeados ou pilotados, habilitación de chairas, urbanizacións, redes de servizos; abastecemento, saneamento, electricidade, telecomunicacións etc., viarios e accesos, paseos marítimos, equipamento portuario etc.).

En proxectos de construción e obras, de edificación:

-Titulación: arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos (ICCP) ou enxeñeiro técnico de Obras Públicas (ITOP), **en especialidade con competencias en edificación.**

-Formación específica homologada pola autoridade laboral; técnico superior de prevención de riscos laborais na especialidade de seguridade no traballo (600 horas), conforme ao disposto no Real decreto 39/1997, Regulamento de servizos de prevención, e curso de Coordinador en Materia de Seguridade e Saúde en Obras de Construción (200 horas), ou outra formación específica en prevención de riscos en obras de construción.

-Experiencia mínima de CINCO (5) anos, como coordinador de seguridade e saúde en proxectos de construción e en obras de edificación (en especial obras de naves, departamentos-almacén para mariñeiros, lonxas, fábricas de xeo, estacións marítimas, naves clubs de remo e vela etc.).

Considerando a localización dos portos e instalacións portuarias, ao longo de toda a costa galega, non poderá recaer simultaneamente nun mesmo técnico, salvo autorización expresa do responsable do contrato, a designación como coordinador dun máximo de: CINCO (5), obras con proxecto de construción, CATRO (4), obras sen proxecto de construción, e de TRES (3), contratos de conservación e mantemento nunha mesma zona (norte, centro, sur), ou UN (1), nas tres zonas. O equipo mínimo de coordinadores en materia de seguridade e saúde na fase de execución de obra debe de ser de TRES (3), e cada un deles cunha dedicación mínima do 50 % da xornada laboral.

Os licitadores realizarán unha previsión na que contemplen a posibilidade de que durante o desenvolvemento do servizo existan períodos nos que se poida producir un incremento, unha acumulación do número de obras en inminente execución (nas tres, dúas ou nunha das zonas territoriais), e deberán de propoñer as accións encamiñadas a garantir a prestación do servizo,

28 NOV. 2019

111



sen diminuír a súa calidade.

Nos períodos vacacionais ou de baixas cunha duración que afecten os traballos, a substitución dos coordinadores adscritos ao contrato realizarase con outros que cumpran os requisitos de titulación, formación e experiencia mínima requirida, garantíndose o solapamento dos coordinadores, que non será de aboamento.

Equipo técnico-xurídico

Estará ao dispor do contrato coa dedicación necesaria, un equipo asesor técnico-xurídico, formado por un mínimo de dúas (2) persoas, un técnico cunha experiencia probada de polo menos CINCO (5) anos en obras similares ás de presente contrato, e un licenciado en Dereito con experiencia mínima de CINCO (5) no ámbito xurídico da Prevención de Riscos Laborais, Laboral, Civil e Penal, que asistirán en todo momento ao persoal do consultor adscrito ao contrato, aos directores de obra, e ao responsable do contrato en todas aquelas cuestións relacionadas co obxecto do contrato, ao mesmo tempo que serán os encargados de redactar os informes sobre aspectos técnicos-xurídicos ou procedementais solicitados polo responsable do contrato. Este equipo, no desenvolvemento do seu traballo, deberá comunicarse con, e estará suxeito ás instrucións dos servizos xurídicos de Portos de Galicia e á superior dirección da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Administrativo e delineante

Un administrativo, e un delineante para darlles apoio aos coordinadores de seguridade e saúde na xestión documental do contrato de servizos, e na confección de informes, planos, esquemas e esbozos.

Oficina, vehículos e medios auxiliares.

As oficinas da empresa consultor adxudicataria do contrato de servizo, estarán dotadas con todo o material e medios necesarios para o desenvolvemento do contrato; equipos informáticos, licenzas das aplicacións informáticas (Microsoft Office, Autocad, Adobe Acrobat, Sispre, Presto, Metroplus, Xestión e Seguimento da Coordinación en materia de Seguridade e Saúde en obras de construción, Específicos de PRL, etc.), copiadoras, impresoras, cámaras fotográficas, cámaras de vídeo, teléfono, Internet, correo electrónico, etc., que se atopasen en perfecto estado de funcionamento durante a vixencia do contrato. Ademais, dispoñerán de información técnica, lexislación vixente de aplicación en materia de Seguridade e Saúde, normas e instrucións técnicas en PRL de aplicación en obra.

O Consultor dispoñerá dos medios de transporte necesarios, vehículos (tipo, marca, modelo e número), para a realización dos desprazamentos dos Coordinadores/Técnicos a obra, a reunións, etc. O custo dos vehículos, póliza de seguro a todo risco, combustible, peaxes, ITV, mantemento (filtros, aceite, lubricantes, líquido de freos, anticonxelante, etc.), e desgastes (rodas, pastillas freos, escobillas limpa parabrisas, etc.), están incluídos nos prezos unitarios.

Cada Coordinador en materia de Seguridade e Saúde dispoñerá dunha conta de correo electrónico, un teléfono móbil, un computador persoal portátil, e un vehículo adecuado para os desprazamentos a obra de maneira que quede asegurada a operatividade.

O persoal do Consultor dispoñerá de todos os medios auxiliares; equipos de instrumentación e medida para a realización de probas e avaliacións habituais na Prevención de Riscos Laborais

28 NOV. 2019

